



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.; 2023-2185, con data de 18/09/2023 pola que aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do persoal de directivo do Programa de Emprego “Redondela TIC III”, na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

O programa de emprego “REDONDELA TIC III” está dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

Este programa está subvencionado ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm.: 78, do 24/04/2023, normativa de aplicación.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de **424.836,96 €** para a contratación de persoal para realizar o programa de emprego “REDONDELA TIC III”, con data de 03/08/2023 ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023.

Na selección do persoal directivo participante no programa que se vai poñer en funcionamento tense en conta ademais do establecido na devandita Resolución de concesión da subvención, as Instrucións en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2023-2024, da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, de 14/06/2023, segundo a cal as entidades beneficiarias da subvención na admisión de persoas candidatas ao proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio, poderán empregar a oferta de emprego tramitada pola Oficina pública de emprego, a convocatoria pública ou ambas.

As bases do proceso de selección do persoal directivo, docente e de apoio e do alumnado traballador do Programa de Emprego “REDONDELA TIC III” para persoas mozas incluídas no





CONCELLO DE REDONDELA

ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe) promovido

polo Concello de Redondela, foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2023-2116 de data 07/09/2023.

O Concello de Redondela publicou anuncio convocatoria pública no diario Faro de Vigo o día 09/09/2023.

Tras rematar o prazo de presentación de solicitudes e tras comprobar se as persoas aspirantes cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para a selección dun/ha Director/a, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para a contratación de UN/UNHA **DIRECTOR/A**, para levar a cabo o programa de emprego "REDONDELA TIC III":

N.º	APELIDOS E NOME	DNI
1	CALERO ESCOBAR, ÓSCAR	*****804-L
2	LAGO PORTELA, MARÍA JOSÉ	*****895-H
3	PÉREZ ÁLVAREZ, M. ^a DOLORES	*****933-C
4	PRADO GONZÁLEZ, CARLOS	*****523-Q
5	VARELA CARIDE, VÍCTOR ÁNGEL	*****331-J

*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: Excluir, **con carácter provisional**, no proceso de selección para a contratación de UN/UNHA **DIRECTOR/A**, para levar a cabo o programa de emprego "REDONDELA TIC III":





CONCELLO DE REDONDELA

N. ^o	APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO
1	BARREIRO MALDONADO, FRANCISCO JAVIER	*****745-F	NON ACREDITA EXPERIENCIA SEGUNDO AS BASES
2	CASAS ROCA, TAMARA	*****926-C	NON ACREDITA EXPERIENCIA SEGUNDO AS BASES
3	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, CAMILO JOSÉ	*****073-P	NON ACREDITA TITULACIÓN SEGUNDO AS BASES
4	SÁNCHEZ OTERO, DAMARIS	*****769-S	NON ACREDITA TITULACIÓN SEGUNDO AS BASES
5	VIZOSO MARCOS, ÁNGELA	*****615-W	NON ACREDITA EXPERIENCIA SEGUNDO AS BASES
6	PINTOS ANDRÉS, M. ^a MAR	*****682-G	NON ACREDITA TITULACIÓN SEGUNDO AS BASES
7	RAMÍREZ GRAY, M. ^a ALMUDENA	*****801-E	NON ACREDITA EXPERIENCIA SEGUNDO AS BASES

As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, **no prazo de 2 días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. Estas enmendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: persoal@redondela.gal, con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións.

De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a lista definitiva que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios a relación provisional de persoas admitidas e excluídas nestes procesos selectivos.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

